



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REGISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 03/11/2017 10:52:10

ENTRADA 24567 / RX 2699063



Sr. Secretario Xeral de Cultura

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación

Universitaria

Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación

EXPÓN:

1. Que SGHN recibiu da Xefatura da Sección de Minas da Coruña (Consellería de Economía, Emprego e Industria) unha solicitude de informe sobre o proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de avaliación de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael nº 2946 (O Pino e Touro, A Coruña).
2. Que segundo o documento "Informe Arqueolóxico.pdf" sobre o castro de Copa (GA-15085002) incluído en dito proxecto:
 - a. *"Durante los trabajos de explotación de la mina, realizados entre 1974 y 1988, ... el castro no fue alcanzado por los trabajos de excavación ... no es cierto que se viese afectado por "gavias" (zanjas) de la mina... estas circunstancias dieron como resultado la conservación del yacimiento; la muralla que define el recinto se mantiene en pie y su interior no fue alterado por ninguna actividad. Tan sólo insistir en el enterramiento parcial de algunos sectores de la muralla."*
 - b. *"A partir del año 2000 comienza un proceso de regeneración medioambiental con la aplicación de "tecnosoles" ... se reforestó la zona perimetral exterior que rodea la mina ... con medios mecánicos que removieron todo el terreno y practicaron los surcos para ordenar la plantación. Con esta acción los restos del castro comienzan a atenuarse."*
 - c. *"Entre los años 2010 y 2014 se produce la corta de dicha plantación y se procede a otra nueva ... Estos trabajos suponen la desaparición definitiva de los restos superficiales del castro y la total remoción de los niveles estratigráficos de su interior."*
3. Que, tras sobrevivir a 15 anos de explotación mineira a ceo aberto, os traballos de "rexeneración medioambiental" (nunha zona NON afectada pola explotación mineira) que provocaron a destrución do castro de Copa foron sensiblemente coetáneos con:
 - a. Un forte incremento do prezo internacional do cobre a partires de 2002, tras 8 anos de descensos ou estabilidade.
 - b. A solicitude (22-12-2010) e aprobación (18-10-2011) da demasía da Concesión de Explotación San Rafael nº 2946 a Explotaciones Gallegas S.L.
 - c. A realización de novos sondeos na mina de Touro entre o 09-01-2012 e o 03-09-2012 pola empresa LUNDIN (arquivo "E15069IS01_Memoria_ED.pdf).
 - d. A obtención e/ou elaboración dunha boa parte da documentación técnica xeolóxico-mineira na que se basea a "Actualización del proyecto de explotación vigente de cobre de Touro" que agora pretende sepultar os restos do casual(?) e accidentalmente(?) desaparecido castro de Copa baixo unha escombreira.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org>

e-mail:sghn@sghn.org CIF: G-15037211

2/2

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que a Secretaría Xeral de Cultura abra unha investigación exhaustiva sobre estes feitos para avaliar e, no seu caso, depurar as responsabilidades legais.

En Santiago de Compostela a 3 de novembro de 2017

O Presidente da SGHN,

Serafin González Prieto